

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	9 de xaneiro de 2020
Duración	Desde as 20:35 ata as 22:20 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

Concello da Estrada





	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente, despois de felicitar o novo ano a todos os presentes, abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2019.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 18 de decembro de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 4833/2019.-DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR POLA QUE SE PROPÓN INSTAR AO MINISTERIO DE FOMENTO PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MELLORA NA N-640

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este punto concédeselle a palabra ao Concelleiro **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen pasa a expoñer a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, a cal se transcribe de seguido:

“ ...

A nivel de grandes infraestruturas de comunicación A Estrada sitúase entre dous dos principais eixes comunicativos de Galicia. Por unha parte está moi próxima da AP-9 que comunica en

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4DHYHRW23X7QRNRL9NGKRCRJS | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 15



dirección norte - sur as áreas litorais galegas. Por outra, a Autopista Santiago - Ourense discorre polo vértice noroeste do concello. Polo termo municipal discorren dúas Estradas Nacionais que forman dous eixes comunicativos rexionais: a N-525 que comunica Ourense con Santiago, e a N-640 que marca un eixo leste - oeste comunicando Lugo con Ourense. Outro eixe importante é o trazado pola PO-841 que une á Estrada con Santiago de Compostela, sendo unha vía de gran ocupación debido ás múltiples relacións funcionais establecidas entre as dúas localidades.

A N-640 foi sempre un importante eixe de comunicación con saída cara a capital da provincia, o que provoca que a densidade de tráfico sexa moi elevado, existindo un tramo de aproximadamente 3,6 qm (dende o Alto da Cruz ata o cruce de Portela) que se caracteriza pola súa alta siniestralidade e polos problemas de tráfico que xenera, derivado, sobre todo, da súa sinuosidade.

Recentemente o Ministerio de Fomento executou unha actuación sobre o devandito tramo, que en lugar de mellorar as condicións da vía provoca que o tráfico sexa máis lento e non mellora a seguridade dos usuarios. Dita actuación consistiu unicamente nunha reforma de sinalización pintando, básicamente, unha dobre liña continua en todo o tramo.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Partido Popular do concello de A Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

Instar ao Ministerio de Fomento á execución dun carril para vehículos lentos no tramo de subida (dirección A Estrada), mentres a Variante proxectada no seu día non estea realizada, aos efectos de non causar un prexuízo ao tecido industrial e comercial da Estrada, e a todos os cidadáns en xeral.”

A continuación pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para trasladar, en primeiro lugar, a súa estrañeza de que o grupo de goberno traia unha moción que non é máis que un reflexo das queixas veciñais. Continuando, di que o Partido Popular tivo ao mandato do goberno do Estado varios anos e, sen embargo, hoxe estamos a debater este tema aquí no Pleno, o que da a entender que este problema non existía antes.

Entrando no fondo da moción, di que na exposición de motivos da mesma faise mención á seguridade vial, cando a verdade é que xa se fixeron actuacións para o aumento desta na N-640 e que afectan tamén ao tramo que pasa polo noso casco urbano, polo que lle parece pretencioso falar da seguridade vial neste apartado da moción, salvo que quen a redactase fóra un experto nesta materia, posibilidade que descarta, polo que considera que deberíase encargar a un experto a valoración da posibilidade de colocar ese segundo carril. Por outra banda, con respecto ás críticas do pintado da dobre liña continua, di que esta actuación derivou dun estudo previo para aumentar a seguridade nese tramo da estrada, previo informe técnico que determina que esta sinalización é a máis aconsellable, xunto coa reposición do firme con material antideslizante; polo que as consideracións que poida ter o Partido Popular pódense estudar, pero dálle máis valía aos informes técnicos.

O Sr. López Bueno considera que esta moción é produto das queixas das asociacións locais (hostaleiros, comerciantes e empresarios), o que lle parece respectable, porque hai que ter en conta as súas opinións, entendendo que a lentitude do tráfico nesta estrada pode repercutir no comercio estradense, pero entón na moción deberíase de recoller que ten a súa base nestas queixas e non motivala na seguridade vial, por estar claro que este última non é o motivo principal.

Por último, propón que no acordo a adoptar se especifique ben o tramo da N-640 a que afectaría a proposta da moción, se se refire ao tramo da Portela ou ao que vai despois do remate das curvas de Castro Loureiro. En todo caso, traslada que o seu grupo votará a favor desta proposta porque débese ter en contra as queixas das distintas asociacións, pero reitera a necesidade da existencia dunha opinión técnica sobre se ese segundo carril melloraría a seguridade vial desta estrada.





Toma a palabra a voceira do grupo municipal de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando que o seu grupo votará a favor desta proposta por considerar necesaria a mellora da N-640, sen esquecer que o importante para A Estrada e sacar adiante a variante e así reducir o tráfico e controlar o acceso á vila, así como aumentar a seguridade vial e poder planificar a humanización do casco urbano, sen esquecer a importancia que ten para o asentamento industrial e de poboación; polo tanto, é importante seguir instando aos organismos responsables para acadar esa variante e a autovía de Santiago á Estrada, así como a necesidade de mellorar outras estradas, como a PO-213 e PO-214, pero é importante que tamén deamos exemplo e mellorar os camiños de titularidade municipal.

Intervén a voceira do grupo municipal Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen comeza dicindo estar a favor da proposta da moción, porque todo aquilo que redunde en beneficio do noso concello e do seu tecido económico será apoiado polo seu grupo, aínda que a solución que se propón é máis paliativa que definitiva, pero hai que tomar medidas que melloren este vial mentres non sexa executada a variante. Continúa dicindo que o problema da Estrada é que está mal vertebrada, porque aínda que existen unhas estradas de alta capacidade, estas non están nas mellores condicións tanto económicas como de infraestrutura, entón todo o groso da circulación pasa pola N-640 e que conleva unha serie de problemas de seguridade, que motiva a construción da variante; sen embargo, mentres tanto, todas aquelas medidas que se tomen para o aumento de seguridade e mellorar a circulación é positivo, pero insiste que serían medidas paliativas, pero hai que tomalas xa que, aínda que se leva motivos anos pedindo dita variante, ningún goberno foi capaz de valorar esta infraestrutura nin mirar polo concello da Estrada, sendo necesario seguir facendo forza para que esta situación cambie, instando ao Ministerio de Fomento para que inclúa nos orzamentos este proxecto e proceda o antes posible á súa execución e, mentres isto non suceda, haberá que tomar outras solucións para axilizar a circulación e así dar solución aos nosos comerciantes e demais veciños/as, polo que apoiará esta moción.

O **Sr. Alcalde** manifesta que a N-640 sempre foi a espiña dorsal para o desenvolvemento comercial do noso concello, pero a día de hoxe non cre que hai moitos concellos como o noso nos que exista unha estrada nacional que as cruce, levándose máis de vinte anos traballando para que sexa adaptada unha solución e que chega tarde. Lembra que existía un proxecto con informes sectoriais favorables que se deixaron caducar por non executarse en tempo e forma, non querendo entrar en responsabilidades políticas, xa que todos os partidos existentes foron responsables, xa que único que importa é o problema que existe, ademais de que a N-640 presenta moitos problemas, tales como a seguridade vial no entorno urbano, estado deficiente no firme e, ademais, con motivo do cambio por parte de Fomento das condicións de seguridade desta estrada, prexudicouse a fluidez no tráfico de vehículos, sendo esta a causa da queixa das Asociacións de Comerciantes e Empresarios polo que supón unha circulación máis lenta por mor do dobre pintado nun tramo desta estrada, considerando que esta decisión da dobre liña continua non é a mellor senón a máis barata. Di que é preciso trasladar esta queixa á Xunta de Galicia para que faga tamén fincapé e loite por esa infraestrutura fundamental para o noso Concello e que é a variante da N-640, porque mentres tanto A Estrada non pode ter un desenvolvemento urbanístico axeitado; a este respecto, informa que está a ter conversas e reunións constantes con *Demarcación de Carreteras del Estado* para estar ao corrente da tramitación desta infraestrutura, non indo ao ritmo que lle gustaría, ademais de trasladarlle todos os problemas existentes na actualidade en relación a esta estrada e que nos transmiten diariamente os usuarios. Continúa recoñecendo que con esta proposta trátase de dar unha solución momentánea e parcial, non sendo a adecuada e a que realmente se necesita, pero mentres tanto non sexa visible a variante hai que loitar para acadar solucións aos problemas actuais e mellorar a nosa conexión coa AP-9, ofrecéndose para traballar conxuntamente co gallo de acadar a materialización do

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4DHYHRW23X7QRNRL9NGKRCRJS | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 15



proxecto da variante, ao igual que a prolongación da autovía de Santiago. Finalmente, di que espera ter noticias nas próximas semanas en relación ao tema que estamos a tratar, porque ata de agora houbo moitas promesas incumpridas e os nosos veciños teñen que ter un respecto e poñer enriba da mesa que A Estrada existe e ten que estar no mapa das grandes infraestruturas.

Intervén novamente o **Sr. López Bueno** para dicir, ao abeiro das manifestacións do Sr. Alcalde, que cre que este non leu a moción do grupo do Partido Popular, porque na exposición de motivos fala da seguridade vial e non que responde ás queixas do colectivos e das asociacións; e, no que se refire á seguridade vial, desminte que dixera que era a mellor solución, senón que as medidas tomadas veñen avaladas polos técnicos e, por tanto, o proposta na moción tamén tería que avalarse cun informe técnico; no demais coincide en que a variante sería unha medida máis eficaz, reiterando que é mentira que el dixera que o pintado da dobre liña continua era a mellor medida.

Con respecto ao desexo do Sr. Alcalde para facer unión co fin de acadar esa variante e derivar responsabilidades á Xunta de Galicia, di que non hai que esquecer que, con respecto á autovía a Santiago, este Concello foi moi xeneroso e comprensivo coa Xunta de Galicia o que dista moito de ser firme e unánime; sen embargo, é moi necesario e coincide coa necesidade de unirse para premer aos organismos competentes e así se execute dunha vez esa infraestrutura tan necesaria para o noso concello.

O **Sr. Alcalde** lle responde que referíase ás palabras textualmente ditas polo anterior voceiro, é dicir, que os técnicos informaran que era a medida máis acaida, e que na anterior intervención puntualizou que non era a máis acaida senón a máis barata, e iso foi o único que dixo, en ningún momento acusou ao voceiro de dicir que era a mellor. Di que entende que o voceiro se fíe dos informes técnicos ou ben ten información da Subdelegación do Goberno, pero para este grupo de goberno non é a máis acaida senón a máis barata e fácil, e o que se estar a pedir é que se adopten outras medidas que dean solución á problemática de circulación que está a suceder nestes momentos, non sendo unha iniciativa do Partido Popular senón que se trata dunha cuestión de coherencia e sensatez, ao igual que a coherencia e sensatez que ten este grupo de goberno á hora de xestionar; di que é sabedor da dificultade que ten o facer este tipo de infraestruturas, pero sabemos que son importantes para A Estrada, polo que non podemos ser hipócritas e pensar que un goberno poida en tres ou catro anos sacar adiante unha infraestrutura de tal calibre e, seguramente, tarde anos en executarse; pero o que si podemos esixir é a mesma coherencia que practica o goberno da Estrada, porque, gobernase quen gobernase, sempre mantivemos unha actitude sensata e de respecto para todas as administracións, governe quen governe, tan só podemos facer unha labor de presión para que, tanto o Ministerio como a Xunta de Galicia, marquen un calendario factible, real ou aproximado para a execución destas infraestruturas. Reitera que o seu grupo de goberno sempre actuou igual, gobernase quen gobernase, nunca se mostrou condescendente co goberno Popular e mostrar presión co goberno Socialista, iso llo deixa a outros partidos que lles guste facer ese tipo de política.

Informa que unha das reunións que solicitou foi coa Subdelegada do Goberno, non dándolle ningunha información e, dirixíndose ao voceiro do grupo socialista, lle di que seguramente ten información, porque niso son bastante sectarios en ese tipo de política, de feito, en campaña electoral, o Sr. López Bueno dou unha información en relación á situación do expediente do proxecto da variante e, a el como Alcalde non se lle deu.

Finalmente di que se seguirá insistindo e traballando para acadar esta infraestrutura e intentar que nos orzamentos xerais se inclúan os proxectos tanto da variante como a da prolongación da autovía de Santiago unha vez pasada xa a época de crise anterior, esperando ter un calendario firme.





Volve a intervir o **Sr. López Bueno**, para preguntar, en relación co dito polo Alcalde sobre a presión para obter un calendario, onde está dito calendario, polo que o éxito da súa estratexia é nefasta; non dicindo que se poñan a disparar contra distintos gobernos das administracións, cousa que o Partido Socialista tampouco fai aínda que o Alcalde diga o contrario, xa que os membros do grupo socialista adícanse a traballar naqueles proxectos en que o grupo de goberno non ten capacidade para xestionar, como é o caso da variante e que deixou caducar o Partido Popular e agora en goberno o Partido Socialista retomará. Por outra banda, pregunta quen en tres anos pediu á autovía a Santiago, porque considera que ninguén, preguntándose o que fixo a Xunta de Galicia durante os dez ou doce anos que leva parada a ampliación desta infraestrutura.

O **Sr. Alcalde** considera que se está a abrir un debate que excede da propia moción e proposta de acordo a tratar, ademais non cre que sexa edificante e adecuado lembrar nesta sesión determinadas etapas de goberno, considerando que eses temas débense deixar para o “mitineo”, e, aínda que non está dentro do Partido Socialista, sabe como funciona cando goberna, din unha cousa e despois fan outra, e o uso partidista que fan de determinadas cousas. Continúa que xa sabe que o voceiro do Partido Socialista sabe máis que el con respecto á variante despois da información que lle deu a Subdelegación do Goberno antes de vir a esta sesión plenaria e así ter claro o que tiña que dicir, información que este grupo de goberno non ten e se lle negou ademais de outras cousas, e que deixa constancia do uso torticeiro que fan das institucións; pero, independentemente do anterior e que non aporta nada, informa que, no que respecta á autovía, está feito o pagamento das expropiacións da primeira fase, fíxose o proxecto construtivo previo da fase que vai dende A Ramallosa ata Pontevea (proxecto que está no Concello e que se pode consultar), algo co que non se está de acordo porque prevé un posterior embotellamento da circulación en Pontevea, considerando que o remate da autovía ten que ser en O Rollo – Sta. Cristina de Veá e así sería máis útil para o noso concello. Continúa o Sr. Alcalde explicando as fases e o investimento deste proxecto e aclara que se está pendente dunha reunión coa Conselleira para fixar o calendario de prazos de execución da obra, prometendo ser transparentes á hora de ir dando información á oposición sobre os avances neste proxecto, pedindo tamén lealdade e reciprocidade aos demais grupos políticos.

Con respecto á variante, di que non ve un compromiso claro con esta infraestrutura, esperando que, unha vez formado o novo goberno central, se poida ter un interlocutor que nos vaia orientando sobre o estado deste proxecto e así marcar un calendario realista.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 28/10/2019 (2019-E-RCIO-5) polo grupo municipal do Partido Popular que se transcribe literalmente de seguido:

“...
”

A nivel de grandes infraestruturas de comunicación A Estrada sitúase entre dous dos principais eixes comunicativos de Galicia. Por unha parte está moi próxima da AP-9 que comunica en dirección norte - sur as áreas litorais galegas. Por outra, a Autopista Santiago - Ourense discorre polo vértice noroeste do concello. Polo termo municipal discorren dúas Estradas Nacionais que forman dous eixes comunicativos rexionais: a N-525 que comunica Ourense con Santiago, e a N-640 que marca un eixo leste - oeste comunicando Lugo con Ourense. Outro eixe importante é o trazado pola PO-841 que une á Estrada con Santiago de Compostela, sendo unha vía de gran ocupación debido ás múltiples relacións funcionais establecidas entre as dúas localidades.

A N-640 foi sempre un importante eixe de comunicación con saída cara a capital da provincia, o que provoca que a densidade de tráfico sexa moi elevado, existindo un tramo de aproximadamente 3,6 qm (dende o Alto da Cruz ata o cruce de Portela) que se caracteriza pola súa alta siniestralidade e polos problemas de tráfico que





xenera, derivado, sobre todo, da súa sinuosidade.
Recentemente o Ministerio de Fomento executou unha actuación sobre o devandito tramo, que en lugar de mellorar as condicións da vía provoca que o tráfico sexa máis lento e non mellora a seguridade dos usuarios. Dita actuación consistiu unicamente nunha reforma de sinalización pintando, basicamente, unha dobre liña continua en todo o tramo.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Partido Popular do concello de A Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

Instar ao Ministerio de Fomento á execución dun carril para vehículos lentos no tramo de subida (dirección A Estrada), mentres a Variante proxectada no seu día non estea realizada, aos efectos de non causar un prexuízo ao tecido industrial e comercial da Estrada, e a todos os cidadáns en xeral.”

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 18/12/2019.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:

Instar ao Ministerio de Fomento á execución dun carril para vehículos lentos no tramo de subida (dirección A Estrada), independentemente da execución da Variante proxectada, aos efectos de non causar un prexuízo ao tecido industrial e comercial da Estrada, e a todos os cidadáns en xeral.

Pregunta o **Sr. Alcalde** se hai algunha moción de urxencia e, non habendo, pásase a tratar os asuntos incluídos na parte de Actividade de Control.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE DECEMBRO DE 2019

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 30 de decembro de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-1488 ao número 2019-1716 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo municipal socialista, **D. Luís López Bueno**, quen comeza manifestando, en relación coa Rúa 56, que vólvese a asistir a unha das múltiples mentiras deste grupo de goberno, xa que esta rúa ven sufrindo unha serie de problemas no seu firme dende, aproximadamente, o ano 2018, non cumpríndose

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4DHYHRV23X7QRNRL9NGKRCRJS | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 15



coa estimación anunciada na prensa escrita, entendendo que foi unha medida para tranquilizar á veciñanza; pero entende que se debería, por parte da persoa que asesora ao grupo de goberno, revisar as súas dotes de capataz de obra, porque non acerta nada, ademais de que estase a mentir cando se anuncian prazos que ao final non se cumpren. Continúa lembrando que no seu día non se aprobou a urxencia dunha moción do grupo socialista alegando que estaba en tramitación ou habilitación de fondos para a execución desa obra, sen embargo cambiamos de exercicio e pasou o prazo establecido e aínda séguese xestionando, do que deduce que a xestión foi e é ineficaz, non sabendo se a culpa é agora do Convenio da Construción (por mor dos días festivos do Nadal), pero o que si é certo e que o Alcalde anunciou un prazo para a execución da obra, este non se cumpriu e A Estrada parece un lugar terceiro mundista, xa que a Rúa 56 non foi arranxada a día de hoxe e as rúas Pérez Viondi e a Praza da Farola estiveron cortadas durante estes días de Nadal, non sabendo se o grupo de goberno ten algunha consideración ao respecto, aínda que comprende que os accidentes acontecen pero é necesaria unha xestión máis áxil para poñerlle unha pronta solución.

Finalmente pregunta se se ten algunha garantía de que os fondos destinados á actuación prevista van a ser suficientes para solucionar os problemas da Rúa 56, e, no caso de que non foran suficientes, o Concello utilizará as potestades outorgadas pola normativa para esixir as responsabilidades pertinentes á empresa que executa esta obra.

O **Sr. Alcalde** responde que o seu grupo de goberno cando licita unha obra segue o procedemento administrativo establecido, primeiro dispónse dos fondos, despois redáctase e apróbese o proxecto e, por último, ven a fase de licitación, o que quere que lle sirva de explicación ao voceiro do grupo socialista porque leva pouco en política; prosigue explicando que primeiro houbo que conseguir os fondos necesarios para executar a obra de arranxo da Rúa 56, previo estudo por parte dos técnicos municipais e que fixeron unha estimación aproximada da actuación a realizar, consistente nunha drenaxe de toda a rúa coas respectivas saídas das augas nacentes e da auga procedente da choiva, traballos realizados antes do Nadal cos respectivos problemas xurdidos polas condicións climatolóxicas e que derivaron noutros que afectaron á rúa Pérez Viondi e á Farola, pero, segundo a empresa adxudicataria, o vindeiro luns reanurárase a dita obra, esperando que cos traballos proxectados en base aos informes técnicos sexan suficientes para solucionar os problemas da nomeada rúa.

Volve a intervir o **Sr. López Bueno** para manifestar que considera que o Alcalde da moitas excusas para xustificar o incumprimento do prazo establecido, non asumindo ningunha responsabilidade e, como profesor de Dereito, se este chega a presentar un exame ten directamente un cero, porque non ten que dar moitas leccións de procedemento administrativo, e menos ao seu grupo.

Continuando, quere presentar outra cuestión en relación á situación negativa da demografía do noso municipio, xa que os datos do ano 2019 son malos, habéndose perdido poboación por riba da media e, ademais, nos últimos dez anos a perda faise máis acusada, de feito do 2000 ao 2019 perdéronse 1.830 habitantes; do 2000 ao 2009, 437 habitantes; na última década, do 2010 ao 2019, 1401 habitantes; e, durante o mandato do actual grupo de goberno, perdéronse 1.280 habitantes. Ante os anteriores datos, acusa ao actual grupo de goberno de non facer nada para combater a crise demográfica, e, os servizos prestados na Estrada, non son substancialmente mellores dos que se prestan noutros concellos, estando na media (comparándonos con concellos similares), e polo tanto deficientes para frear este despoboamento e que nos últimos dez anos supuxo un 70% de perda con respecto aos 20 anos anteriores.

Di que, con respecto á autovía, o Sr. Alcalde non conseguiu un quilómetro máis da

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4DHYHRW23X7QRNRL9NGKRCRJS | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 15



mesma e que nos levaría a Santiago, porque falamos dunha infraestrutura estratéxica para á Estrada e que a beneficiaría demograficamente, porque as grandes cidades medran por unha serie de motivos, implicando un aumento de servizos, aumento de poboación, sobre todo de xente nova e que conleva a posibilidade de ter fillos e con maior posibilidade de optar a unha vivenda; pero A Estrada, desgraciadamente, carece deste “mix”; o noso municipio conta con moito rural con dificultades para vertebrar por mor da existencia de moitos núcleos de poboación e, por causa da negativa do grupo de goberno, carécese de transporte que facilite a conexión entre o casco urbano e o noso rural, dificultando que a xente asente o seu domicilio neste último, onde hai máis posibilidade de acadar unha vivenda con respecto ao casco urbano.

O **Sr. Alcalde** lembra que estamos no apartado de Rogos e Preguntas e que está a esperar que o Sr. López Bueno formule o seu rogo ou a súa pregunta, aclarando que, como Alcalde, ten que moderar os debates e as intervencións....

O **Sr. López Bueno** pide que se lle deixe facer a pregunta como el quere.

O **Sr. Alcalde** respóndelle que os distintos regulamentos explican moi ben cal é a dinámica das intervencións en “Rogos e Preguntas” , polo que, dirixíndose ao Sr. López Bueno, lle di que non pode utilizar este apartado para soltar un discurso de vinte minutos para despois facer un rogo ou unha pregunta, polo que lle pide que centre o tiro, porque perdeuse xa con tanto discurso.

O **Sr. López** pide novamente que lle deixe intervir e preguntar como mellor o considere, ademais este grupo de goberno necesita de moitas explicacións para poder entender algo.

O **Sr. Alcalde** lle di que este grupo de goberno sabe entender e sabe explicar, mentres que os do grupo socialista saben bastante menos.

O **Sr. López** di que o haber gañado as eleccións non significa que se governe ben.

O **Sr. Alcalde** ía comentar unha cousa, pero non quere entrar ao trapo, pedíndolle que siga coa súa intervención e así intentar rematar con este rogo ou pregunta.

Continúa, o **Sr. López Bueno**, dicindo que o feito é que o grupo do Partido Popular perdeu 1.200 habitantes durante o seu mandato e, polo tanto, non teñen en conta a demografía para nada e, como consecuencia, as súas políticas estanse a revelar como ineficaces para combater este problema, procedendo a facer comparacións con outros concellos similares.

Ante o anterior, aconsella ao Alcalde que se centre ante esta situación perigosa, preguntando que fixo durante o ano 2019 para frear o despoboamento e que medidas ten previstas para o 2020, pedindo que se especifiquen medidas concretas.

Resposta o **Sr. Alcalde** que entre esas medidas concretas están a posta en marcha da Escola Infantil, medida de conciliación e apoio á familia mediante a creación de novas prazas e que deu solución ao problema de que había máis de 50 familias que non podían escolarizar aos seus fillos de 0 a 3 anos, convertendo ao Concello da Estrada nun dos que da cobertura a máis do 50% de escolas infantís públicas en Galicia, polo que dubida que haxa moitos concellos que teñan esa taxa de cobertura. Entre outras medidas, está tamén a posta en marcha por primeira vez neste concello dun espazo de conciliación familiar e, dirixíndose aos demais grupos, di que se enchen a boca ao falar de social-democracia, pero cando gobernan fan fontes e lavadoiros, e este grupo de goberno fai espazos de conciliación, escolas



infantís, o Centro de Día, o plan de Concilia Rural, o centro de Atención Temperá, o Baby Box...., sen embargo cando gobernou o Partido Socialista tiveron os Plan E e FEESEL e adicáronse a gastar once millóns de euros en infraestruturas completamente abandonadas e así lles foi, sen embargo este grupo de goberno puxo en funcionamento por primeira vez na historia deste concello as medidas anteriormente detalladas, non sabe que máis se pode facer, quizais, por exemplo, medidas para que as familias teñan fillos, algo que se pode valorar, pero o que está claro é que o que se pode facer nestes momentos é unha campaña de sensibilización para o empadroamento, aínda que cre que hai outros concellos que teñen máis marxe para facer ese tipo de actuacións, tal é o caso de Lalín, onde o aumento de poboación non se debe ao crecemento vexetativo porque o segue tendo negativo (cousa que debe saber o voceiro do grupo socialista, segundo dixo, porque non saberá de dereito administrativo pero supón que de demografía si), pero ten unha bolsa de persoas que viven ou traballan en Lalín e que non estaban censadas nese municipio e, grazas á posta en marcha dunha campaña específica, os resultados están sendo frutíferos. A raíz do anterior, di que é certo que o noso concello ten unha taxa vexetativa negativa en torno a 200 persoas/ano, falecendo en torno a 300 persoas por ano e nacen aproximadamente 140 nenos/as, pero este é un problema xeral e que afecta sobre todo ao interior da nosa Comunidade Autónoma, parece que ten que haber unha sensibilización por parte do goberno central ante o problema do despoboamento en España e, referíndose á intervención do Sr. López Bueno sobre a situación da Estrada, parece que o resto de España non estivera en igual situación, lembra o dito polo mesmo textualmente “*vostede perdeu 180 habitantes*”, como si el se adicara a perder os habitantes polo camiño, o que tradúcese como un intento do nomeado voceiro de facer unha sobrerrepresentación da realidade, aconsellándolle que non se engane a si mesmo xa que esta é unha cuestión estrutural difícil de resolver.

Seguindo coa súa intervención, o Sr. Alcalde di que para o grupo de goberno é moi importante o compromiso coas infraestruturas, sendo importante que A Estrada teña boas infraestruturas, necesitándose falar da realidade territorial con coherencia e sensatez, porque Galicia ten un grave problema por ter un 70% da súa poboación vivindo no 10% do seu territorio, as áreas metropolitanas absorben case toda a poboación e o tecido produtivo, o que se traduce en que os concellos do interior están a sufrir serios problemas. En canto ás medidas políticas para poñer en marcha polo goberno local, di que non se ten moito máis marxe para executalas, reiterando as medidas de apoio ás familias detalladas anteriormente e, a partires de aí, estudaranse medidas de estímulo e apoio ao empadroamento, intentando, pouco a pouco, construír unha vila para recibir novos habitantes, pero para elo hai que contar con todos os servizos e, entre outros, con programacións culturais e deportivas de nivel, lembrando que na actualidade contamos cun nivel de prestación de servizos moi superiores aos prestados por outros concellos similares ao noso, polo que se seguirá traballando nesa liña sobre todo para atallar o problema da perda demográfica, pero insiste en que é un problema da Galicia interior e no só da Estrada, cunha difícil solución, sen embargo, por parte do goberno municipal, poñeranse todos os medios a esta situación preocupante.

Volve a intervir o **Sr. López Bueno** increpando ao Alcalde polo manifestado en relación a se el sabe ou non de dereito administrativo, pero non vai a entrar neste debate porque o que está claro é que pode acreditarlo.

Sobre as medidas concretas detalladas polo Sr. Alcalde, considera que se lle enche a boca por enumerar catro infraestruturas, considerando que non se debe medir o número senón que hai que medir a insuficiencia ou suficiencia, e os resultados están aí e pechar os ollos non significa que a realidade non estea diante nosa, este ano perdéronse 182 habitante e a adopción de medidas tales como a Baby Box non van a fomentar a natalidade, tal e como recoñecía en prensa a Concelleira de Benestar



Social Dna Amalia Goldar, senón máis ben é unha medida de acompañamento, polo que aconsella que se centren en tomar medidas eficaces para solucionar a situación. Outra medida que considera de acompañamento é o Centro de Día, por ofertar prazas insuficientes ante a demanda existente, ademais de ser caras; en canto á cobertura das escolas infantís, pregunta: ¿canto son as prazas ocupadas?, ¿cal é previsión de nacementos que temos na Estrada? e ¿chegaremos a cubrir esas prazas?, cousa que dubida moito.

Continua crendo que se poden levar a cabo iniciativas de sensibilización máis eficientes e ambiciosas.

O **Sr. Alcalde** responde ao Sr. López Bueno dicíndolle que cre que xa se respondeu a si mesmo ao observar que ten moi claro como funciona unha infraestrutura sen ter idea do que é, porque pensa que nunca foi alí e, polo tanto, non sabe como funciona, a demanda que hai e a xente que ten, nin sequera dispón dos datos que se manexan nos Servizos Sociais; e, por iso, non entende o por que non se pon colorado ao vir aquí a dar unha clase maxistral e falar de cousas das que non ten absoluta idea e, por esa razón, non vai a perder nin un minuto máis, xa que di que se adoptaron catro medidas que non dan resultado, pero son catro infraestruturas que xustifican o mandato, un Centro de Día, un espazo de conciliación familiar, unha escola infantil..., parece como que se o Sr. López gobernara ata tería fillos para subir a natalidade, pero ao estar na oposición seguramente non o fará.

O **Sr. López Bueno** considera que esa afirmación non procede.

(hai intervencións doutros/as concelleiros/as que, por non usar o micro, non se aprecia nas gravacións do audio)

O **Sr Alcalde** di que tamén é intolerable que el acredite os seus estudos.

O **Sr. López Bueno** di que o Sr Alcalde acábase de retratar el mesmo.

Intervén sen usar o micro a concelleira do grupo do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, apreciándose que di que, como muller, lle parece indignante as últimas manifestacións do Sr. Alcalde e pide que así conste en acta.

Pide intervir o Concelleiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis Rendo Araujo**, para facer o seguinte rogo: que se proceda á limpeza da cuneta da pista que vai de Riomaio a Vendexa.

Pide a palabra a voceira do grupo de Móvet, **Dna. Mar Blanco**, para transmitir, en relación coa crise demográfica e perda de poboación do noso concello, que estase a falar dun problema suficientemente importante e preocupante como para necesitar ser tratado e debatido dun xeito máis concreto e non no apartado de “rogos e preguntas”. Di que unha das causas polas que A Estrada perde natalidade é a falta de traballo digno para os nosos/as mozos/as e que lles obriga a marchar fóra do noso municipio, e ¿como xerar postos de traballo na Estrada?, pois quizais mellorando os servizos e fomentando a creación de postos de traballo dignos, e deste xeito acadar que outra xente se empadroe no noso concello, para o que se require un estudo minucioso e non tratalo por enriba como estamos a facer; a eses efectos considera necesario que todos os grupos actuasen conxuntamente para acadar medidas que realmente teñan un impacto positivo á hora de fixar poboación e incrementar o número de habitantes na Estrada.

A parte do anterior, a Sra. Blanco Casais traslada a súa queixa de que, con motivo das festas do Nadal, a Rúa 56 e a Praza do Concello estiveron pechadas e, por tal motivo, os visitantes viron unha Estrada que da pena; ademais, os nosos





comerciantes queixáronse que durante ditas festas a Praza da Farola estivo cortada e, como consecuencia, non se deu unha boa imaxe da nosa vila, influíndo negativamente no comercio local, sendo unha mágoa que se tardara en abrir esa praza.

Pregunta sobre a situación da Banda Municipal de Música, querendo saber que medidas se van a tomar para que sexa esa fonte cultural útil para os estradenses, preguntando se o seu director deu algunha explicación sobre esta grave crise que está a sufrir.

Continúa dicindo que observou que durante as festas de Nadal unha empresa privada encargouse do servizo de limpeza, preguntando de que xeito se contratou, como se adxudicou, se é algo temporal ou ben trátase dunha contratación a longo prazo, porque considera que a necesidade desta actuación debería ser valorada previamente, lembrando que o seu grupo manifestou en repetidas ocasións que aposta polos servizos públicos.

Prega, así mesmo, que se mellore a sinalización do aparcadoiro sito no Teatro Principal, ante o perigo que supón para os peóns que pasan pola beirarrúa á saída do mesmo.

En relación ao “catastrazo” que acaban de sufrir os estradenses provocado pola regularización do catastro imposta polo Estado dunha forma chapuceira e con falta de información, di que é sabedora que moitos/as veciños/as pagan máis do que lle corresponde, polo que pregunta se dende o Concello vaise a tomar algunha medida para corrixir ese exceso nos recibos do IBI, referíndose en concreto a dúas cuestións: por un lado di que o Real Decreto 1020/1993 contempla unha dedución por antigüidade para as vivendas con máis de catro anos, a cal non se está a aplicar, polo que quere saber se ese goberno contempla a súa aplicación ou ben instar a outras administración para que o faga; e, por outro, di que moitas vivendas do rural están clasificadas como edificacións de carácter urbano e pagan como tales, preguntando se se poden cambiar a edificacións de carácter rural e así se pagaría menos, ademais de ser o máis adecuado para estas vivendas sitas no rural e que carecen de determinados servizos.

Aclara o **Sr. Alcalde**, no que respecta á regularización catastral, que non se trata dun “catastrazo”, senón dunha regularización, dun incremento no imposto derivado dunha modificación tributaria por parte dun organismo, polo que lle pide coherencia ao falar dun proceso de regularización; continuando, di que esta regularización provén da existencia de edificacións non valoradas inicialmente de forma adecuada por Catastro ou por parte dos seus propietarios; e o pagamento dos atrasos deriva de que eses contribuíntes non estaban pagando como se debía, por non modificar os seus valores catastrais ou ben por non comunicar a Catastro as alteracións das súas propiedades despois de reformas ou melloras e novas construcións. Polo dito, quere deixar claro que non foi un aumento do imposto, senón unha actualización, aínda que houbo algunha modificación, tal é o caso daquelas construcións que non tiñan obriga de tributar e que agora foron incorporadas dentro do Censo do IBI, tales como as construcións vinculadas a actividades agrícolas, gandeiras e agropecuarias, de aí que se implantase a bonificación do 95%. En canto ao dito de que non houbo información previa, aclara que non é certo, porque nos anos 2012 e 2014 detectáronse case dúas mil propiedades con alteracións catastrais (reformas e melloras en vivendas, novas construcións, etc.), avisándose aos respectivos propietarios para que as actualizasen en Catastro; e no ano 2016, por obriga do Ministerio, este Concello fixo un terceiro proceso de regularización catastral, avisándose aos veciños mediante Bandos de que si querían evitar a incorporación obrigatoria e o conseqüente pagamento de sesenta euros por propiedade, que o fixeran de forma voluntaria, dándose de alta máis de 1.800 propiedades, pero os que non fixeron caso deses tres procesos tiveron que facer fronte a ese outro proceso de regularización do Ministerio e que afectaron a 3.500 propiedades. Polo

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4DHYHRW23X7QRNRL9NGKRCRJS | Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 15



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

anterior, aclara que os/as nosos/as veciños/as tiveron todo tipo de información e non falemos de “catastrazo”, senón dun proceso de regularización e co cal está moi de acordo por tratarse dunha cuestión de igualdade contributiva, outra cousa é que os valores impostos por Catastro están ou non adaptadas á realidade, aí poderíase debater. Por outra banda o que si se podería valorar é facer un estudo da Ponencia de Valores en vigor para saber se hai que adaptala á situación económica actual, aínda que non o considera necesario. Tamén quere deixar constancia que a carga tributaria do concello de A Estrada está nun 40% por debaixo doutros concellos veciños de igual categoría.

En canto ao tema da recollida de lixo e limpeza viaria, informa que fixéronse reforzos durante as datas de Nadal, ao igual que outros anos; ademais a 30 de decembro finalizaron os contratos con aqueles traballadores incluídos dentro do Plan de Emprego da Deputación, e non hai posibilidade de cubrir esas prazas por non ter persoal vinculado a ese servizo, polo que durante este trimestre temos a urxencia de tomar decisións para cubrir os servizos de limpeza e recollida de lixo.

No que se refire á sinalización do aparcadoiro sito detrás do Teatro Principal, di que toma nota do requirido.

No referente á problemática da Banda Municipal de Música, o grupo de goberno leva dende o verán do pasado 2019 en coordinación co director e demais persoal, pero hai que ter en conta que as características da Banda son similares a unha asociación, contando cunha directiva, correspondéndolle ao Director da Banda as funcións de dirixir a mesma, polo que as xestións ordinarias as leva a propia asociación ou fundación. Di que é certo que hai, dende fai 8 meses, algúns problemas internos nos que fai de interlocutor este Concello, problemas que se agravaron durante o concerto de Santa Cecilia, pero, despois de varias reunións existe un viso de solución e, por parte do grupo de goberno, farase de de intermediario para a pronta resolución do conflito.

En canto ao corte de tráfico na praza da Farola e rúa Pérez Viondi, foi por causa dos danos producidos durante o temporal nalgúns edificios e, ao abeiro dun informe da Xefatura da Policía Local no que se facía constar que mentres non se fixera a reposición dos elementos que podían caer non aconsellaban a apertura deses tramos, este Concello procedeu a comunicar aos propietarios dos edificios para que procedesen á retirada e reparacións das aurelitas que co vento habían saltado á rúa e outras con risco de caída, constándolle que por estes se fixeron todas as xestións e solicitudes de permiso para proceder ao arranxo, pero a empresa contratada non podía facelo ata o 3 de xaneiro, polo que mentres e debido ao perigo existente, tívose que cortar ditos tramos á circulación.

Intervén novamente a **Sra. Blanco Casais**, para aclarar a razón pola que lle chama “catastrazo” á regularización catastral feita, a este respecto o xustifica dicindo que en moitos casos triplicáronse os recibos por haberse tido en conta unha revalorización das vivendas, polo que considera que compensa valorar a elaboración dunha nova Ponencia de Valores para beneficiar ás vivendas do rural e ás que non se lles acepta á bonificación por antigüidade, ademais de non estar clasificadas da maneira máis acada, ocasionando que moita xente estea pagando o imposto do IBI por un importe moi superior ao valor real da súa respectiva propiedade, polo que considera conveniente tratar este tema con máis profundidade.

Resposta o **Sr. Alcalde** que o tema das bonificacións por antigüidade non é perceptible a través do propio tipo impositivo, senón que cando se fan as valoracións aplícanse eses índices correctores segundo os anos de antigüidade das propiedades, resultando o valor catastral final das mesmas. Di que cando Catastro comunica aos propietarios as valoracións das súas vivendas aparece un desglose da aplicación dos diferentes índices (incremento, antigüidade, faltas de servizo, etc). Respondendo ao asunto sobre as propiedades que incrementaron o seu valor, di que

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 4DHYHRW23X7QRNRL9NGKRCRJS | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 15

existían propiedades que pagaban tres veces menos do que lle correspondía, xa que moitas vivendas estaban declaradas como ruína e, sen embargo, estaban rehabilitadas, entón con esta regularización fixouse o valor real e, conseguintemente, o imposto incrementouse considerablemente. Polo exposto, considera que hai que falar con moito coidado deste tema, porque non se trata dun incremento lineal para todos. Por último, cando se actualice a Ponencia de Valores, hai que facelo dun xeito minucioso e que se traducirá en moito traballo.

Intervén a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para trasladar o seu interese pola situación da Banda Municipal de Música, pedíndolle ao grupo de goberno que se lle manteña informada sobre a evolución das negociacións así como das solucións que se poidan dar para chegar a un final feliz para ambas as dúas partes en discordia, preguntando o por que a Banda non ten un subdirector para a substitución do director en caso de baixa médica ou outra que poida causar a súa ausencia, ademais de ser unha situación irregular para este tipo de formacións musicais.

Polo dito no parágrafo anterior, quere saber como está a situación do Conservatorio municipal de Música, xa que lle consta que hai pais e nais descontentos coa dirección do mesmo, ademais de existir alumnos/as do grao elemental e que están a darse de baixa para matricularse noutros Conservatorios ou academias privadas, sendo a causa o descontento xeral. Ante o anterior di que é necesario que o director emita un informe que recolla os datos sobre esta problemática co gallo de poñerlle unha pronta solución e ver se se está dando unha situación paralela a que se está dando na Banda Municipal.

Traslada a queixa de que no Centro de Saúde non está a prestarse o servizo de ecografía, derivando aos pacientes ao hospital con seis meses de espera, tempo demasiado longo cando a necesidade desta proba deriva dunha doenza preocupante e grave, situación que lle parece preocupante.

Informa que segue a recibir queixas sobre as beirarrúas da Rúa do Muíño e que causan problemas ás persoas con mobilidade reducida e que usan cadeiras de rodas, así como aos carriños de bebé, polo que pregunta cal é prazo previsto polo Concello para solucionar este problema.

Manifesta que existe unha queixa dun empresario de pensos da Avenida de Leicures, porque, con motivo dos temporais pasados, tivo un problema coas augas fecais, xa que rebentou un sumidoiro entrándolle a auga na súa tenda provocándolle case tres mil euros en perdas e, a pesares de haber reclamado no Concello, non obtivo a día de hoxe resposta ningunha.

Finalmente, di que moitos lugares optan pola pirotecnia sen ruído para non provocar danos aos/ás nenos/as que padecen certas enfermidades que lles fan moi sensible a estes ruídos producidos polos fogos de artificio, ao igual que a persoas que padecen Alzheimer, sen esquecer que tamén producen danos á nosa fauna; polo dito pide que nos próximos eventos que se celebren no noso municipio a pirotecnia que se utilice sexa sen son.

Responde o **Sr. Alcalde** en relación co tema da Banda e Conservatorio de Música, que o director do Conservatorio exerce tamén a función de director da dita Banda, pero a xestión da Banda lle corresponde a unha directiva ou Asociación, e este Concello respecta as decisións que sexan tomadas pola mesma en relación á contratación ou non dun subdirector, pero na plantilla de persoal e na RPT non existe nin está contemplada esa figura, insistindo que lle corresponde á súa directiva tomar esta decisión.

No referente ao manifestado pola Sra. Camba sobre as queixas con respecto ao Conservatorio de Música, di que é a primeira noticia que ten e ninguén lle trasladou tampouco ningunha queixa sobre o seu funcionamento, sen embargo indagará sobre ese tema.





En canto á falta do servizo de ecoloxía no Centro de Saúde, di que é descoñecedor deste tema, polo que procederá dende o Concello a facer a consulta e xestión ante o director do centro.

No relativo ás beirarrúas da Rúa do Muíño, é un tema pendente, non existindo a día de hoxe data fixada para a execución da ampliación das mesmas, estando pendente entre as actuacións a acometer no futuro, reiterando que se está a dar prioridade a aquelas beirarrúas onde existen problemas para o subministro dos servizos básicos, tales como subministro de auga, saneamento e rede de pluviais (por exemplo, as rúas de Leicures, Fermín Bouza Brei, Fernando Conde, etc.).

Sobre o problema do propietario do establecemento de pensos sito na Avda de Leicures, informa que as edificacións sitas nese tramo da Rúa 25 de Xullo para, no seu momento, poder conectarse á rede de saneamento que descorre pola Rúa Leicures tiveron que profundar moito, xerando problemas continuamente a aquelas vivendas que están nun nivel máis baixo da rúa, como é o caso do comercio de penso afectado, sendo o Concello sabedor desta situación, pero as actuacións para solucionar o problema necesita dun procedemento previo, existindo un seguro de responsabilidade civil para facerse cargo desas cuestións e reclamacións. De tódolos xeitos, o afectado está pendente de facer unha reclamación patrimonial e, unha vez feita, abrirase o correspondente expediente, iniciándose o procedemento e porase en coñecemento da empresa aseguradora para que proceda á valoración, peritación e correspondente indemnización.

Non habendo máis intervencións polos concelleiros asistentes á sesión e, dentro do establecido no Regulamento de Participación Cidadá, o Sr. Alcalde pregunta ao público presente se ten algunha pregunta ou rogo que queira trasladar, e no habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e dúas horas vinte minutos do día do seu comezo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 4DHYHRW23X7QRNRL9NGKRCRJS | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 15

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233